

Gasto dos non residentes en Galicia. Terceiro trimestre de 2007

COMUNICADO

No terceiro trimestre do ano 2007 o gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes dos establecementos hoteleiros de Galicia ascendeu a 93,4 euros

Gasto dos non residentes en Galicia: nova operación estatística do IGE

O Instituto Galego de Estatística presenta unha nova operación estatística denominada “Gasto dos non residentes en Galicia” que, con periodicidade trimestral, trata de coñecer o volume e estrutura do gasto dos viaxeiros non residentes en Galicia, o que permitirá avaliar o impacto económico deste tipo de viaxeiros na economía galega. Ademais, a información que proporciona esta estatística constituirá un dos elementos que se empregarán nas estimacións das contas económicas de Galicia.

Así mesmo, posto que o informante último é o demandante do servizo, o viaxeiro, esta estatística vai ser utilizada para coñecer o seu perfil socio-demográfico, así como outras características xerais da viaxe.

Esta operación centra a súa interese nos viaxeiros non residentes dos establecementos hoteleiros de Galicia, que representan en torno ao 70% dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros, e independentemente da súa categoría, representan máis do 90% dos viaxeiros de establecementos regrados (establecementos hoteleiros, campamentos e apartamentos turísticos e casa de turismo rural).

O gasto diario medio por persoa no terceiro trimestre do 2007 foi de 93,4 euros

Segundo os primeiros datos ofrecidos pola operación “Gasto dos non residentes en Galicia” correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2007, o gasto diario medio por persoa foi de 93,4 euros, destacando na súa distribución os 43,3 euros gastados en concepto de aloxamento, e 29,5 euros de gasto en comida en cafeterías e restaurantes. En orde de importancia tamén destaca o gasto realizado en desprazamentos e en regalos e recordos.

Ao longo do terceiro trimestre do ano achegáronse 1,0 millón de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros, os cales realizaron un total de 2,5 millóns de pernoitas. Deste xeito, o gasto total realizado por este tipo de viaxeiros foi de 232,3 millóns de euros, dos cales practicamente 107,7 corresponden a algún réxime de aloxamento, seguindo a distribución xa mencionada.

Gasto dos non residentes en Galicia. Distribucion por concepto de Gasto. Terceiro trimestre 2007. Datos provisionais.

Tipo de gasto	Dato	
	Gasto total (miles euros)	Gasto diario medio por persoa (euros)
Paquete turístico	3.887	1,6
Aloxamento	107.745	43,3
Restaurantes	73.432	29,5
Comida comercios	2.552	1,0
Desprazamentos	17.884	7,2
Regalos e recordos	14.789	5,9
Ocio	9.591	3,9
Outros	2.412	1,0
Total	232.292	93,4

FONTE: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

O gasto diario medio máis dos viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros de 5 estrelas foi de 183,9 euros, mentres que na categoría de 1 e 2 estrelas situouse en 75,9 euros

Segundo o importe do gasto destaca a categoría de 1 e 2 estrelas, que co importe máis baixo de gasto diario medio por persoa no terceiro trimestre do ano, representa o 37,1% do gasto total realizado polos viaxeiros non residentes en Galicia. En orde de importancia a categoría de 4 estrelas, cun importe de 118,7 euros de gasto diario medio por persoa, acada o 33,1 % do gasto total ao longo do trimestre. Por outra banda, o importe máis elevado de gasto diario medio dos viaxeiros non residentes en Galicia rexistrouse, como cabía esperar, na categoría de 5 estrelas, que con menos establecementos, representa o 8,0% do gasto total.

Gasto dos non residentes en Galicia. Distribucion por categoría. Terceiro trimestre 2007. Datos provisionais.

Provincia	Dato	
	Gasto total (miles de euros)	Gasto diario medio por persoa (euros)
5 estrelas	18.677	183,9
4 estrelas	76.786	118,7
3 estrelas	50.533	84,1
1 e 2 estrelas	86.296	75,9
Total	232.292	93,4

FONTE: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

O gasto diario medio máis elevado rexistrouse na provincia da Coruña

Segundo a provincia na que se sitúan os establecementos hoteleiros, pode observarse que o importe do gasto total realizado polos viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros da provincia da Coruña e Pontevedra ao longo do terceiro trimestre foi moi similar, aínda que con importes de gasto diario medio por persoa considerablemente distintos. Así, na provincia da Coruña rexistrouse un gasto diario medio de 105,2, mentres que en Pontevedra foi de 88,6 euros, un 15,8% máis reducido. Pese a isto, o maior número de viaxeiros e pernoitas realizadas en establecementos hoteleiros da provincia de Pontevedra compensa esta diferenza no gasto total. Pola súa parte, nos establecementos hoteleiros das provincias de Lugo e Ourense rexistrouse un importe de gasto diario medio de 75,5 euros e 70,5 euros respectivamente, representando en conxunto o 9,9% do importe do gasto total realizado polos viaxeiros non residentes en Galicia entre os meses de xullo, agosto e setembro de 2007.

Gasto dos non residentes en Galicia. Distribución por provincia. Terceiro trimestre 2007. Datos provisionais.

Provincia	Dato	
	Gasto total (miles de euros)	Gasto diario medio por persoa (euros)
A Coruña	104.319	105,2
Lugo	16.773	75,5
Ourense	6.324	70,5
Pontevedra	104.876	88,6
Total	232.292	93,4

FONTE: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Os viaxeiros non residentes dos establecementos hoteleiros fan unha valoración media da súa estadía en Galicia de 8,5 puntos sobre un máximo de 10

Os viaxeiros non residentes valoran positivamente a súa estancia en Galicia, outorgándolle unha valoración media de 8,5 puntos sobre un máximo de 10. Esta valoración resultou moi homoxénea na súa distribución por provincias e categorías, se ben cabe mencionar que a por provincias a maior valoración foi de 8,7 para Lugo, e por categorías, a de 3 estrelas con un 8,6.

Gasto dos non residentes en Galicia. Valoración media por provincia e categoría. Terceiro trimestre 2007. Datos provisionais.

	Valoración media
Total	8,5
Provincia	
A Coruña	8,6
Lugo	8,7
Ourense	8,2
Pontevedra	8,4
Categoría	
5 estrelas	8,5
4 estrelas	8,5
3 estrelas	8,6
1 e 2 estrelas	8,5

FONTE: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

No terceiro trimestre do 2007 o viaxeiro non residente tipo foi un home, de entre 29 a 40 anos, casado, con educación superior, asalariado do sector privado e residente na comunidade autónoma de Madrid

Gasto dos non residentes en Galicia. Perfil socio-demográfico. Terceiro trimestre 2007. Datos provisionais.

Sexo		Situación laboral	
Home	51,8%	Estudiante	3,7%
Muller	48,2%	Autónomo	14,2%
Idede		Asalariado sector público	16,4%
Ata 18 anos	0,7%	Asalariado sector privado	44,6%
De 19 a 28 anos	10,5%	Xubilado/retirado	10,0%
De 29 a 40 anos	33,2%	Labores do fogar	9,2%
De 41 a 50 anos	26,5%	Parado	1,5%
De 51 a 65 anos	19,1%	Outros	0,3%
Máis de 65 anos	10,0%	Residencia	
Estado civil		Andalucía	11,0%
Solteiro	31,0%	Asturias	7,0%
Casado	62,4%	Castilla-La Mancha	3,4%
Viúvo	1,9%	Castilla-León	10,6%
Separado	4,4%	Cataluña	9,5%
Vida en parella	0,3%	Madrid	21,9%
Nivel de estudos		Resto de España	21,7%
Analfabeto	0,4%	Portugal	5,1%
Estudios primarios	16,9%	Francia	1,6%
Estudios secundarios	36,9%	Resto da UE	4,6%
Educación superior	45,8%	Resto del mundo	3,5%

FONTE: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Este viaxeiro, que xa estivera noutras ocasións en Galicia, viaxa en coche, e a súa motivación principal é a busca de tranquilidade e descanso

Gasto dos non residentes en Galicia. Características da viaxe. Terceiro trimestre 2007. Datos provisionais.

Motivo principal

Por coñecer o seu medio natural e paisaxes	15,5%
Por razóns familiares ou de amizade	13,2%
Por motivos de estudio	0,3%
Por dispoñer de casa propia	0,0%
Por buscar tranquilidade e descanso	24,8%
Por fidelidade ao lugar de destino	15,9%
Por outros motivos	12,8%
Por coñecer a súa cultura e costumes	10,3%
Por traballo / negocios	7,3%

Medio de transporte

Coche	68,4%
Autocar	4,2%
Avión	20,7%
Tren	1,7%
Barco	0,2%
Outros	4,8%

Primeira visita a Galicia

Sí	32,7%
Non	67,3%

FONTE: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
Fax: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>